

OUTONO CULTURAL 2018

PROGRAMACIÓN OUTUBRO

☀ **Sábado, 6 de outubro ás 18.00 h**

- **Lugar:** A Senra.
- **Idade recomendada:** público familiar.
- **Duración:** 75 min.

Gala de maxia: Kayto e Xacobe



Gala de maxia a cargo do Mago Kayto, especialista en maxia infantil e o Mago Xacobe, artista de maxia familiar. 75 minutos de diversión e entusiasmo coa selección do seu mellor repertorio.

Kayto, gañador do Premio Warner Bros, é un mago, clown e músico pertencente á terceira xeración dunha familia adicada ao mundo do circo. Con máis de dous décadas sobre os escenarios, actuou nos mellores circos e teatros europeos e impartiu numerosos talleres de maxia, clown e globoflexia.

Xacobe é un dos máis destacados magos galegos, cunha larga traxectoria televisiva en Galicia e máis de 2000 actuacións en toda a xeografía. O seu show é dinámico, cheo de humor e interacción. A súa elegante posta en escena, variedade de efectos e coidado acompañamento musical resulta unha garantía para todo tipo de públicos.

☀ **Sábado, 6 de outubro ás 20.00 h**

- **Lugar:** Mosteiro de Bergondo.
- **Idade recomendada:** todos os públicos.
- **Duración:** 1 hora 30 min. (aprox.).



Encontro Internacional de Música de Pulso e Púa

Grupo de Fado “Cançao de Coimbra & Fado de Lisboa” Portugal

Actuará tamén a Coral Lugar da Lúa (Lubre)

**Actividade organizada pola asociación “Pórtico das Artes” **

☀ **Sábado, 20 de outubro ás 18.00 h**

- **Lugar:** A Senra.
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos. Público familiar e infantil.
- **Duración:** 50 min.
- **Nome da compañía :** Galeatro

Muiñada



Sinopse. Conta a historia de Sabela e Xacobe que por un malentendido coa quenda se atopan nun muiño de auga. Ó ver que os dous non poden moer ó mesmo tempo , comezan unha discusión na que no xogo, as lendas, a tradición e a música farán que os cativos e os que non son tanto se acheguen a un edificio que foi fundamental para Galicia: o muiño de auga.

Muiñada é unha viaxe ó pasado para os nenos e nenas de hoxe. Unha viaxe que serve para coñecer de onde vimos e para non deixar morrer a memoria dos nosos avós e avoas. Muiñada é tradición, é festa, é música e, sobre todo, teatro para toda a familia.

☀ **Sábado, 27 de outubro ás 19.30 h**

- **Lugar:** A Senra
- **Idade recomendada:** todos os públicos.
- **Duración:** 1 hora 30 min. (aprox.)

Encontro de corais

Coral Santa Cecilia (Coristanco)

Coral Polifónica Brisas do Mar (Corme)

Coral Atalaia (Laxe)

Coral Polifónica Costumes (Bergondo)

Actividade organizada pola asociación Costumes

ORGANIZA



COLABORA



Deputación
DA CORUÑA